

BO CURSO

2022/2023

**BOLETÍN INFORMATIVO
CURSO 2022/2023**

CEIP PLURILINGÜE GRAXAL

Rúa Francisco Rodríguez, 6
15679 O TEMPLE-CAMBRE (A Coruña)

Teléfono: 881880330

Fax: 881880331, Correo: ceip.graxal@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgraxal/>

1.- XORNADA LECTIVA E PUNTUALIDADE

- As actividades lectivas comezarán o 8 de setembro de 2022 e rematarán o 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.
- Horario da xornada lectiva: 9:00 -14:00 h., durante todo o curso.
- **Prégase puntualidade**. Lembra que a puntualidade redonda na calidade do ensino.
- O portalón de entrada ao centro estará aberto desde as 8:50 ata as 9:10 h. Posteriormente, só se poderá entrar a partir das 9:45 h.
- Para entrar ou saír do centro despois das 9:45 h, deberá pasar por Conserxería, acompañado do seu pai, nai ou persoa autorizada por escrito, para asinar o xustificante que lle facilitará a conserxe. Sempre será o persoal do centro quen acompañe ao alumno/a á clase ou quen o vaia buscar á mesma para entregarllelo á súa familia.
- Como norma xeral, segundo o establecido no **Protocolo para a Prevención e Control do Absentismo** da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:
 - * As faltas de asistencia deberán ser sempre debidamente xustificadas.
 - * As familias comunicarán con antelación ao centro as faltas que estean previstas.
 - * En caso de imprevisto, comunicarse telefonicamente ao centro no mesmo día ou por escrito no día da reincorporación.

2.- ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS

Polo que atinxe ás entradas, unha vez aberto o portalón de entrada as familias poderán acceder ao recinto do patio, aínda que se aconsella, para evitar amontoamentos, que os alumnos/as de 2º ata 6º de Primaria non queden acompañados para outorgarlles unha maior autonomía e sentido da responsabilidade. Para todos os casos necesarios de acompañamento, so poderá entrar unha persoa, que deberá abandonar o recinto tan pronto o/a alumno/a entre ao edificio das aulas.

Os alumnos/as, unha vez soe a música ás 09:00 horas, dirixiranse ás súas respectivas aulas, accedendo polas seguintes portas de entrada segundo o curso no que estean:

- ⇒ Pola porta principal: alumnado de 2º e 6º de Primaria xunto a 3ºB, 4ºB e 4ºC.



11.- USUARIOS/AS DO COMEDOR ESCOLAR

- O material (mochilas, chaquetas,...) deberá estar marcado co seu nome e apelidos.
- O servizo de Comedor Escolar comeza o 8 de setembro (1º día de curso) e remata o 21 de xuño (último día de curso).
- O horario de comedor será de 14:00 a 15:45 h. Distribuirase ao alumnado en dúas quendas.
- Toda a información relativa ao Servizo de Comedor figura no Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013, polo que se regulan os comedores escolares.
- Todo aquel alumnado que presente algún tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria** ten a obriga de entregar no centro o informe médico actualizado relativo a esta situación, para que a empresa adxudicataria poida elaborar os menús axeitados.
- As familias poderán recoller ao alumnado nas seguintes horas:
 - **E. Infantil, 1º, 2º e 3º EP:** saídas ás 15:00h ou 15:45h.
 - **4º, 5º e 6º EP:** saída ás 15:45h.
- As **AUSENCIAS** ao servizo de comedor:
 - ⇒ Deberán presentarse a través do titor/a.
 - ⇒ Soamente naqueles casos de indisposición ou imprevisto se poderá avisar o mesmo día antes das 9:45 h.
 - ⇒ Privarase durante 10 días do uso do comedor aos usuarios que en 3 ocasións faltaran ao comedor sen que mediara, antes das 9:45 h dese día, comunicación previa da súa ausencia, sexan usuarios pagadores ou gratuítos.
 - ⇒ Se se necesitase dieta especial notificárase tamén a través do titor indicando os días e con xustificante médico, sempre que se acuda a el.
- Para calquera dúbida relacionada co comedor escolar podedes consultar coa Dirección do centro.

- ⇒ Pola porta antiga: alumnado de 1º e 5º de Primaria xunto a 3ºA e 4ºA.
- ⇒ Para calquera xestión administrativa entrarase pola **porta principal** do edificio novo, **despois de que entren todos os nenos/as e nunca en horario do recreo.**
- ⇒ **MOI IMPORTANTE:** Manter informados aos titores/as de todos os feitos referidos ao seu alumnado.
- ⇒ Pola seguridade dos menores e para evitar posibles accidentes, prégase non entrar nin saír pola zona de aparcamento dos mestres/as. Lembra que os adultos somos modelos de comportamento para os pequenos/as.
- ⇒ **Polo mesmo motivo, prégase non introducir no patio animais de compañía (cans, gatos, etc) nin entrar montados en bicicletas ou patinetes.**

3.- DÍAS NON LECTIVOS

- **Nadal:** do 23 de decembro de 2022 ao día 6 de xaneiro de 2023 ambos inclusive.
- **Entroido:** días 20-21-22 de febreiro de 2023.
- **Semana Santa:** do 3 ao 10 de abril de 2023, ambos inclusive.
- **Festivos:** 31 de outubro (Día do Ensino), 12 de outubro, 1 de novembro, 6 e 8 de decembro, 1 de maio e 17 de maio.
- **Non lectivos** de libre elección por coincidir as festas laborais de carácter local en período non lectivo: **9 de decembro e 2 de maio** (pendentes de aprobación).

4.- HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS:

- **Dirección:** martes 9:00-9:50 h.; mércores, 13:10-14:00 h.; venres 09:50-10:40 h.
- **Xefatura de Estudos:** luns de 13:10-14:00 h.; xoves 9.00-9:50 h.
- **Secretaría:** de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.
- **Orientación:** luns a venres, de 9:00 a 9:50 h.
- **Titorías:** luns de 18:00 a 19:00 h., con cita previa.

5.- PROFESORADO

EQUIPO DIRECTIVO		
DIRECTORA	M ^{ra} José Portero Sotelo	
XEFE DE ESTUDOS	Diego Rodríguez Pérez	
SECRETARIO	Genaro Veira Taibo	
PROFESORADO		
TITORAS EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI-A (3 anos)	Ana M ^{ra} Novo Gontad
	4º EI-B (3 anos)	Zaira Prada Vuelta
	5º EI-A (4 anos)	M ^{ra} Carmen Boado Sánchez
	5º EI-B (4 anos)	Belén Regueira Rodríguez
	6º EI-A (5 anos)	Mercedes Montaserín Gallego
	6º EI-B (5 anos)	Montserrat Brandariz Prego
TITORES/AS EDUCACIÓN PRIMARIA	1ºA	Leticia Campos González
	1ºB	Cristina Bellón Varela
	2ºA	M ^{ra} Luz Segade Camba
	2ºB	M ^{ra} José Pardo Suárez
	2ºC	Raquel Blanco Varela
	3ºA	Ruth Álvarez Álvarez
	3ºB	Leticia Díaz Cernadas
	4ºA	Susana Freire Ellis
	4ºB	Lidia Gómez Boga
	4ºC	Irene Conde Fernández
	5ºA	Juan García Novo
	5ºB	Genaro Veira Taibo
	6ºA	Eva Teijeiro Martorell
	6ºB	Carme Rodríguez Ventoso
PROFES ESPECIALISTAS	Apoio E. Infantil	Elena Cagiao Manso Blanca Rivas Vieites
	Inglés E. Infantil	Susana Freire Ellis
	Inglés 1º-2º-3º EP	M ^{ra} Luz Alonso Díaz
	Inglés 4º-5º-6º EP	Manuela Parada Serantes
	E. Física 1º-2º e 6ºA EP	Eva Teijeiro Martorell
	E. Física 3º-4º-5º e 6ºB EP	Diego Rodríguez Pérez
	Música	M ^{ra} José García Morandeira
	Relixión	Magdalena Bugía Vázquez
	Plástica Plurilingüe	1º-3º EP: M ^{ra} Luz Alonso Díaz
		2º-4º-6º EP: Raquel Blanco Varela 5º EP: Manuela Parada Serantes
	Orientadora	Aurora Souto García
	Audición e Linguaxe	Inés Roel Río
Eva Valdés Aymerich (itinerante)		
Pedagogía Terapéutica	M ^{ra} Dolores Bermúdez Rico Aurora Barba Gasamáns	
PERSONAL NON DOCENTE		
CONSERXE	Eva M ^{ra} Varela Seoane	
ADMINISTRATIVA	M ^{ra} Luz Blanco de Azpiazu	
COIDADORES/AS	Juana M ^{ra} Rodríguez Abelleira Juan José Crespo Merelas	
AUXILIAR DE CONVERSA	John Steven Canolly	

6.- OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

- **INFORMACIÓN COVID:** Con carácter xeral, se unha persoa presenta síntomas compatibles coa COVID-19, non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter unha hixiene de mans e respiratoria axeitada. En calquera caso, se a sintomatoloxía lle impide asistir con normalidade ao centro, non acudirá, como no caso de calquera outra enfermidade común. (Instrucións da Consellería de Educación do 5 de setembro de 2022).
- **É OBRIGATORIO** que as familias comuniquen ao centro calquera variación dos datos en canto a domicilio, **teléfonos** de contacto, datos médicos ou calquera outra información relacionada coa comunicación co centro e/ou as autorizacións pertinentes.
- **HIXIENE:** Todos os cursos temos problemas cos piollos. É importante que revisen diariamente as cabezas dos seus fillos/as, para erradicar estes parásitos. O alumnado debe traer os seus propios panos de papel para o seu uso persoal.
- **ROUPA PERDIDA:** Na entrada do centro haberá unhas mesas onde se pode atopar a roupa esquecida polo alumnado. Para recuperala sería conveniente que falasen coa conserxe. Ao finalizar cada un dos trimestres levarase a roupa que non fose reclamada a algunha asociación benéfica.

7.- ENTREGA DE BOLETÍNS DE NOTAS

- 1ª Avaliación: 21 de decembro.
- 2ª Avaliación: 30 de marzo.
- 3ª Avaliación: 20 de xuño.

8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso realizaranse saídas e actividades para o alumnado, das que serán informados puntualmente dende as propias titorías a través *abalarMóbil* ou circulares.

9.- ANPA **MENCER** (Representante: Gloria Cao)

- Horario de atención ao público: luns de 16:15 a 18:00 h.
- Contacto: 646 084 737 e apa_mencer@yahoo.es

10.- **SERVIZOS**

- **Mañanceiro:** Servizo do Concello de 7:30 a 9:00 h.